



CONVENIO ENTRE A MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO E O CONCELLO DE REDONDELA SOBRE A CESIÓN LOTE DE FERRAMENTA E MAQUINARIA FORESTAL.

En Vigo, a 30 de Abril de 2014

REUNIDOS:


D. Abel R. Caballero Álvarez, Presidente da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, e

D. Javier Bas Corrugueira, Alcalde do Concello de Redondela,

EXPOÑEN:

PRIMEIRO.- Que a Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo é propietaria do seguinte lote de maquinaria forestal (xúntase fotografía):

MATERIAL	MARCA	MODELO	CANTIDAD	Nº REGISTRO
Desbrozadoras	STIHL	FS460c-EM	3	178276601
				178030899
				178030868
Pantallas protectoras cara con red nylon	STIHL		3	
Protector hilo	STIHL		6	
Protector hoja corte	STIHL		3	



SEGUNDO.- Que esta maquinaria foi posta a disposición dos concellos da Mancomunidade por un período máximo de dous meses, o día 4 de abril mediante escrito enviado vía fax. A vista do número de solicitudes esta presidencia decidiu dotarse dun segundo lote coa finalidade de prestar un servizo axeitado a todos concellos interesados.

TERCEIRO.- Que o concello de Redondela foi o segundo en solicitar a súa cesión.

En consecuencia, a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e o concello de Redondela acordan asinar o presente convenio de colaboración consonte as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo pon a disposición do Concello de Redondela a ferramenta e maquinaria descrita na exposición de motivos para a súa debida utilización por este, en réxime exclusivo, por tempo de dous meses a contar desde o día 1 de maio de 2014, mentres pertenza á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e coa subxeción a estas obrigas:

- a) Facer un uso dilixente da maquinaria e ferramenta, comprometéndose a entregala en perfecto estado, tendo en conta o normal desgaste provocado polo seu uso.
- b) Cumprir as normas de seguridade e prevención de riscos no uso das máquinas e responsabilizarse daquel.
- c) Recoller o lote e facer entrega do mesmo de acordo cos períodos de cesión.
- d) Todos os gastos de mantemento, reparación, reposición e cantos sexan precisos para o funcionamento da maquinaria, así como todos os gastos de persoal serán satisfeitos polo Concello de Redondela en réxime exclusivo durante o período de cesión.
- e) A responsabilidade por danos persoais e materiais de toda índole derivada da utilización da ferramenta e da maquinaria, correrá exclusivamente a cargo do Concello de Redondela.



Exclúese a Mancomunidad de todo custo e responsabilidade.

SEGUNDA.- ENTREGA

D. Abel R. Caballero Álvarez, Presidente da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, entrega no presente acto a maquinaria descrita na exposición de motivos do presente documento.

TERCEIRA.- DURACIÓN

A cesión da ferramenta farase por un período de dous meses, tal e como se apuntou en apartado anteriores sendo efectiva desde o día 1 de maio de 2014 ata o 30 de xuño de 2014. O concello de Redondela deberá facer entrega de todo o lote de material o día 30 de xuño de 2014 na sede da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo situada na Vía Hispanidade nº 17 de Vigo.

CUARTA.-

O alcalde de Redondela asume as obrigas antes referidas e se compromete a comunicar á Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo as incidencias que puideran xurdir no uso da referida maquinaria.

QUINTA.-

A maquinaria entrégase en perfecto estado de uso e deberase entregar nas mesmas condicións Das anomalías observadas na maquinaria no momento da recepción farase cargo o concello de Redondela, concedéndose un prazo adecuado para a corrección das mesmas. Estas serán novamente revisadas e comprobadas e no caso de non levarse a cabo a reparación da maquinaria no prazo indicado pola Presidencia esta executarase pola Mancomunidad de Vigo, pasándolle os gastos da mesma ao Concello asinante do presente convenio nun prazo máximo de dez días.

SEXTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir. Non obstante recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente.

Conformes as partes firman o presente convenio por duplicado.

pdf

O Presidente da MAIV

Abel R. Caballero Álvarez



O Alcalde de Redondela

Javier Bas Corrueira